



Circular FIN DE CURSO 2023/2024

Estimadas familias:

Achegámoslles varias informacións que poden ser do seu interese.

1. Entrega e publicación dos boletíns informativos para as familias

Será o día 26 de xuño. Serán entregados en ABALAR a partir das 14:00 h.

2. Axudas para a adquisición de libros de texto, axudas para material escolar e axudas de fondo solidario de libros de texto

Tal e como se recolle na información publicada, lémbrales que:

- O prazo para a presentación de solicitudes de axuda remata o día 21 de xuño.
- A entrega dos vales para adquisición de libros e para adquisición de material escolar ás familias será do 8 ao 12 de xullo, ambos os dous inclusive, en horario de 09:30 a 12:30.
- A relación provisional de solicitudes de fondo de libros admitidas e, de ser o caso, a de excluídas, publicarase no centro antes do 12 de xullo. A relación definitiva publicarase antes do 26 de xullo.
- O centro entregará os libros de texto do fondo asignados ao alumnado ao inicio do curso 2024/25.

3. Relación de libros de texto.

A Relación de libros de texto para o curso 2024/2025 está publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do colexio desde o día 15 de xuño.

4. Material de aula.

Co obxectivo de que as familias fagan unha compra o máis axustada posible ás necesidades e non compren material innecesario ou teñan que comprar despois outro diferente, o Consello Escolar ten acordado que se publique a listaxe de material en setembro.

5. Prazo de matrícula

O prazo de formalización de matrícula, **só para o alumnado de nova incorporación ao centro**, será do 20 ao 30 de xuño, ambos os dous inclusive. A tramitación dos documentos debe realizarse en horario de secretaría.

6. Reunión de familias do alumnado que se matricula en 4º de E. Infantil e 1º de E. Primaria

Realizarase unha reunión de familias de 4º de E. Infantil o día 05 de setembro de 2024 ás 16:30 h. no Edificio de Infantil.

Realizarase unha reunión de familias de 1º de E. Primaria o día 05 de setembro de 2024 ás 18:00 h. no Edificio de Primaria.

7. Historial académico de E. Primaria

As familias do alumnado que remata os seus estudos de 6º de E. Primaria, poden pasar a recoller o historial académico dos seus fillos e fillas entre o 8 e o 12 de xullo, ambos os dous inclusive, e en horario de secretaría (de 09:30 a 12:30).

8. Calendario escolar curso 2024-2025

A proposta de calendario escolar para o curso 2024-2025 é a seguinte:

- a) O período lectivo para o próximo curso 2023-24 abranguerá dende o día 11 de setembro de 2024 ata o día 20 de xuño de 2025, ambos inclusive, e contará cos seguintes períodos de vacacións:
 - Nadal, do 23 de decembro de 2024 ata o 7 de xaneiro de 2025, ambos inclusive.
 - Entroido, os días 3, 4 e 5 de marzo de 2025.
 - Semana Santa, desde o día 14 ao 21 de abril de 2025, ambos inclusive.
- b) Será igualmente non lectivo o 31 de outubro de 2024, declarado Día do Ensino. Quedan por aprobar, por parte do Consello Escolar, os dous días non lectivos de libre elección.
- c) A xornada escolar será a mesma durante todo o curso, de 09:00 a 14:00 horas, agás para o alumnado do 4º nivel de E. Infantil, que terán unha xornada reducida no período de adaptación do mes de setembro.

Betanzos, 6 de xuño de 2024.
O equipo directivo